

# CCOO apoiou o estudantado galego na súa semana de loita

Comisións Obreiras (CCOO), como organización integrante da Plataforma en Defensa do Ensino Público, apoiou o estudantado na semana de loita que tivo lugar entre os días 4 e 9 de febreiro.

CCOO denunciou en numerosas ocasións os ataques contra o sistema público desde que goberna o PP. No último ano, o ensino sufriu o maior recorte das últimas tres décadas, 5.000 millóns de euros dos aproximadamente 11.000 millóns (un punto do PIB estatal), cuxa eliminación, antes de finalizar o ano 2015, está comprometida con Bruxelas.

## Peores condicións

Para a Federación do Ensino de CCOO de Galicia, estes re-



Pancarta da Plataforma en Defensa do Ensino Público

cortes empeoran as condicións en que estuda a xuventude: xa implicaron o despedimento de milleiros de docentes, un incremento da masificación nas au-

las sen precedentes en décadas e unha «escandalosa» falta de medios materiais. A isto cómpre sumar a supresión de bolsas de comedor e libros para

as familias máis necesitadas, o encarecemento «desorbitado» das matrículas universitarias e a creación de novas matrículas para estudar na formación profesional, sinalaron.

Ademais, a reforma educativa do Goberno central insta a segregación dos alumnos e alumnas con menos medios económicos; impón revalías na escola primaria, secundaria e no bacharelato; ademais de facilitar a saída de moitos estudantes do sistema educativo en poucos anos, pechando o acceso ao ensino postobrigatorio a dúzias de miles –isto contradí o acordo Europa 2020 para que o 80% do alumnado adquira unha titulación superior ao ensino obrigatorio.

## Acordo a maioría sindical sobre o novo ERE de NGB

CCOO, CSICA e UGT, que aglutinan o 81,52% da representación sindical de Novagalicia Banco (NGB), son as organizacións que asinaron o preacordo sobre o ERE na entidade, que reduce de 2.250 a 1.850 as extincións de contrato. Isto é, haberá 400 despedimentos menos ca antes de iniciar as negociacións.

Poderanse acoller ás baixas indemnizadas todos os traballadores e traballadoras nos trinta días seguintes ao asinamento do acordo de finalización do período de consultas e durante os quince primeiros días dos anos 2014 e 2015. Tamén os afectados pola reorganización dos servizos centrais e reorganización e peche de oficinas nos

quinze días seguintes á notificación. Igualmente, o persoal suxeito á mobilidade xeográfica, nos quince días seguintes á notificación do traslado.

Tamén se poderán acoller a estas baixas incentivadas os traballadores e traballadoras maiores de 54 ou máis anos ou que cheguen a esa idade nos vindeiros dous anos, aínda que con especificidades en caada caso. No que atinxe ás indemnizacións, varían en función da idade e antigüidade.

Canto á extinción forzosa, Todos os traballadores e traballadoras afectados pola extinción forzosa serán incluídos no plan de recolocación presentado pola entidade.

## CCOO denuncia a manipulación na CRTVG

A sección sindical de CCOO na CRTVG denuncia, unha vez máis, a «manipulación» en determinados temas que trata a Televisión de Galicia, polo que volve pedir a destitución da directora de Informativos do ente público autonómico.

Para CCOO, as diferenzas cuantitativas e cualitativas que aplica a Dirección de Informativos de TVG no tratamento das noticias con implicación de políticos ou partidos «son evidentes practicamente a diario». Isto representa a vulneración do principio de pluralidade que debe marcar o rumbo dunha radiotelevisión pública, denuncia o sindicato. Como exemplo, a sección sindical cita «feitos

clamorosos» como minimizar a repercusión de escándalos de presunta corrupción con membros do PP implicados ou suprimir a portada do xornal *El País* da revista de prensa o día que o diario difundía a documentación do 'caso Bárcenas'. Para CCOO, este tipo de actuacións reflicte a «falta de profesionalidade» dos responsables da CRTVG.

Ademais, CCOO denuncia «discriminación profesional» na redacción, con profesionais de longa traxectoria e capacitación sen carga de traballo ou relegados a elaborar noticias «accesorias», mentres as pezas con implicación política se asignan «a uns poucos».